PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 20/02/2018

PARLAMENTO DE GALICIA

4. Mocións. ... 3
4.1 10/MOC-000070 (0025942) ... 3
(0025942) Entrada da iniciativa ... 4
(0026522) Emendas dos grupos parlamentarios ... 6
4.2 10/MOC-000071 (0025949) ... 8
(0025949) Entrada da iniciativa ... 9
(0026517) Emendas dos grupos parlamentarios ... 12
4.3 10/MOC-000072 (0025952) ... 14
(0025952) Entrada da iniciativa ... 15
(0026421) Emendas dos grupos parlamentarios ... 20
5. Proposicións non de lei ante o pleno. ... 22
5.1 10/PNP-000633 (0007071) ... 22
(0007071) Entrada da iniciativa ... 23
(0026521) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 28
(0026524) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 30
5.4 10/PNP-001472 (0019842) ... 31
(0019842) Entrada da iniciativa ... 32
(0026513) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 35
(0026520) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 36
5.5 10/PNP-001753 (0024277) ... 37
(0024277) Entrada da iniciativa ... 38
(0026139) Solicitude corrección erros ... 41
5.6 10/PNP-001771 (0024628) ... 43
(0024628) Entrada da iniciativa ... 44
(0026512) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 46
(0026519) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 47
5.7 10/PNP-001775 (0024683) ... 49
(0024683) Entrada da iniciativa ... 50
(0026527) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 54
5.9 10/PNP-001781 (0024866) ... 56
(0024866) Entrada da iniciativa ... 57
(0026518) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 60
(0026523) Emendas dos Grupos Parlamentarios ... 63

PARLAMENTO
DE GALICIA

4. MOCIÓNS.

4.1 10/MOC-000070 (0025942)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 15770, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0025942) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:14
Nº Rexistro: 25942
Data envio: 09/02/2018 13:14:12.026

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por inciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para a substanciación da Interpelación **15770 (10/INT-000551)** debatida na sesión plenaria do 6 de febreiro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas.

MOCIÓN:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Dotar de persoal e recursos suficientes ao Servizo Galego de Saúde, para que este poda dar cumprimento aos prazos establecidos na Lei de garantías de prestacións sanitarias sen ter que recorrer á privada.
- Facer públicas as listas non estruturais do SERGAS.
- Dar cumprimento das solicitudes de información ao abeiro do artigo 9 do Regulamento da Cámara en relación coas listas non estruturais do SERGAS."

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:14
Nº Rexistro: 25942
Data envio: 09/02/2018 13:14:12.026

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/02/2018 13:13:29

Luis Villares Naveira na data 09/02/2018 13:13:38

PARLAMENTO DE GALICIA

(0026522) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 26522
Data envio: 19/02/2018 18:06:45.153

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **25942 [10/MOC-000070]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 15770, publicada no BOPG n.º 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 20 de febreiro de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

"Restituír ás listas de espera estruturais a tod@s @s doentes eliminad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas."

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 26522
Data envio: 19/02/2018 18:06:45.153

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2018 16:45:32

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2018 16:45:37

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.2 10/MOC-000071 (0025949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 22234, publicada no BOPG nº 236, do 10.01.2018, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0025949) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:37
Nº Rexistro: 25949
Data envio: 09/02/2018 13:37:15.988

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego** (**BNG**), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 6 de febreiro, sobre a valoración que realiza o Goberno galego do investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado e a estratexia negociadora que vai seguir co Goberno central (doc. núm **22234**, [**10/INT-000756**]).

Moción

"O Parlamento de Galiza acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza a elaborar e remitir ao Parlamento Galego para o seu debate, no prazo dun mes, un informe detallado da información recabada e conclusións da comisión de seguimento dos orzamentos do Estado no que se detalle o grao de cumprimento.

2. Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno central a inclusión nos Orzamentos de 2018 da seguinte proposta de investimentos básicos en infraestruturas para o período 2018-2020 cunha dotación de 4.000 millóns de euros, que compense a falta de investimento dos últimos anos:

2.1 Modernización e desenvolvemento do ferrocarril.

- Creación do GALTRÉN, ferrocarril galego de proximidade para a conexión e vertebración das vilas e cidades do país.

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:37
Nº Rexistro: 25949
Data envio: 09/02/2018 13:37:15.988

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Modernización do antigo FEVE, mellora da infraestrutura, incremento de horarios e frecuencias, potenciación do transporte de mercadorías.

- Saída sur de Vigo e conexión con Portugal.

- Prolongación do eixo atlántico até Ferrol.

- Modernización da liña Coruña-Lugo.

- Conexión ferroviaria cos portos exteriores de Coruña e Ferrol.

- Axilización das obras do AVE entre Zamora e Ourense.

2.2 Plan de mellora da seguranza viaria na rede de estradas do Estado. Supresión de puntos negros, mellora da mobilidade peonil e ciclista, urbanización de travesías urbanas.

2.3 Plan de mellora dos portos.

2.4. Plan de mellora dos aeroportos."

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

Asdo. **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 13:37
Nº Rexistro: 25949
Data envio: 09/02/2018 13:37:15.988

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/02/2018 13:34:37

Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2018 13:34:45

PARLAMENTO DE GALICIA

(0026517) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 17:52
Nº Rexistro: 26517
Data envio: 19/02/2018 17:52:32.328

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, así como os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado (10/MOC-000071, documento número 25949)

Emenda de adición no punto 1

Débese engadir ao final do punto 1 da parte resolutiva da moción o seguinte contido:

Engadir in fine: "...,e a data de posta en servizo das diferentes actuacións."

Emenda de modificación no punto 2

Débese modificar no punto 2 da parte resolutiva da moción o seguinte contido:

Onde di: "...inclusión nos Orzamentos de 2018 da seguinte proposta de investimentos básicos en infraestruturas..." debe dicir: "...inclusión nos Orzamentos de 2018, e a súa execución efectiva, das seguinte proposta de investimentos básicos en infraestruturas..."

Emenda de modificación do número 1 do punto 2

Emenda de modificación do número 1 do punto 2 da parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

"2.1. Modernización e desenvolvemento do ferrocarril.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 17:52
Nº Rexistro: 26517
Data envío: 19/02/2018 17:52:32.328

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

- Creación do GALTRÉN, ferrocarril galego de proximidade para a conexión e vertebración das vilas e cidades do país.
- Modernización do antigo FEVE, mellora da infraestrutura, incremento de horarios e frecuencias, potenciación do transporte de mercadorías.
- Liña de AVE entre Vigo e Ourense por Cerdedo.
- Saída sur de Vigo e conexión con Portugal.
- Prolongación do eixo atlántico até Ferrol.
- Modernización da liña Coruña – Lugo – Monforte – Ourense.
- Construción das novas conexións ferroviarias, e melloras das existentes, nos portos de interese xeral do Estado.
- Axilización das obras do AVE entre Zamora e Ourense.
- Impulso definitivo ao novo trazado entre Taboadela e Ourense na liña de AVE Galicia-Madrid, que permita unhas características técnicas e unhas prestacións homoxéneas en todo o percorrido.
- Plan de mellora das liñas ferroviarias que permita a inclusión mais rápida posible da rede galega no Corredor Atlántico de Mercadorías."

Pazo do Parlamento, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/02/2018 16:34:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/02/2018 16:34:11

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.3 10/MOC-000072 (0025952)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 8083, publicada no BOPG nº 105, do 26.04.2017, e debatida na sesión plenaria do 06.02.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0025952) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25952
Data envío: 09/02/2018 14:03:03.596

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 7 de febreiro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual (10/INT-000342, documento número 8083)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Velar polo cumprimento da igualdade de oportunidades e de trato no acceso das persoas con discapacidade ao emprego, á formación, cualificación e promoción profesionais, nas condicións de traballo, e nas condicións de seguridade e saúde laborais.
   a) A tales efectos, levaranse a cabo políticas de formación profesional e emprego, e adoptaranse medidas de acción positiva destinadas a facilitar o seu acceso e permanencia no mercado laboral, incluíndo o emprego por conta propia e mediante empresas cooperativas.
   b) Estas medidas terán en conta a situación de discriminación das mulleres.

2. Establecer como un dos seus obxectivos prioritarios das políticas de emprego aumentar as taxas de actividade e de ocupación e inserción laboral das persoas con discapacidade e das persoas con capacidade intelectual de grao límite que non alcancen un grao de discapacidade do 33 %, así como mellorar a calidade do emprego e dignificar as súas condicións de traballo, combatendo activamente a súa discriminación e avanzando na súa igualdade efectiva neste ámbito.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25952
Data envío: 09/02/2018 14:03:03.596

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3. Tomar medidas de acción positiva no ámbito da formación e o emprego para as persoas con discapacidade:

   a) Priorizar a concesión de axudas aos cursos e accións de formación profesional para o emprego que vaian dirixidos ás persoas con discapacidade.
   b) Nos cursos de formación para o emprego organizados ou financiados en máis dun cincuenta por cento pola Xunta de Galicia, incrementarse a reserva do número de prazas para persoas con discapacidade, garantíndose como mínimo, independentemente do número de prazas convocadas, a reserva dunha praza para persoas con discapacidade.
   c) Incrementar a reserva de prazas para persoas con discapacidade no conxunto do Programa de Escolas Taller, Casas de Oficio e Talleres de Emprego, ou de calquera outro programa que se desenvolva no marco das políticas activas de emprego.
   d) Establecer plans específicos de formación profesional para o emprego destinados a persoas con discapacidade, que teñan por obxecto mellorar a súa empregabilidade a través dun itinerario formativo entre cuxas actuacións se incluirán accións de formación, prácticas profesionais non laborais en empresas ou accións de acompañamento e apoio á inserción.

4. Levar a cabo a través do Servizo de Emprego de Galicia, actuacións de orientación profesional e colocación de persoas con discapacidade demandantes de emprego.

5. Por en marcha medidas de fomento do emprego de persoas con discapacidade mediante o establecemento de axudas para a súa integración no mercado laboral, que se convocarán anualmente.

   a) Impulsar as accións necesarias para facilitar o cumprimento e a implantación da cota de reserva dos postos de traballo para persoas con discapacidade, por parte das empresas, e de conformidade coa lexislación vixente.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25952
Data envío: 09/02/2018 14:03:03.596

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

b) Realizar un control exhaustivo, mediante avaliacións periódicas, das condicións de traballo nos centros especiais de emprego, tomando as medidas pertinentes no caso de detectarse vulneración dos dereitos dos traballadores e traballadoras.

6. Adoptar medidas orientadas a asegurar que as persoas traballadoras con discapacidade desenvolvan a súa actividade laboral en condicións de traballo seguras e saudables, tendo en conta as súas especiais circunstancias na avaliación dos riscos laborais de cada posto de traballo.

   a) En ningún caso impedirase o acceso a un posto de traballo ás persoas con discapacidade alegando motivos de prevención de riscos laborais, cando os posibles riscos existentes poidan corrixirse cos axustes razoables necesarios.

7. Formular, a aprobar no ano 2018 un plan de emprego dirixido as persoas con discapacidade de Galicia.

   a) As medidas recollidas no plan incluirán obxectivos sobre o emprego ordinario público e privado, emprego con apoio, emprego protexido en centros especiais de emprego e enclaves laborais, formación para o emprego, e emprego autónomo, sen prexuízo do deber de negociación colectiva no seu caso.
   b) Todos estes obxectivos terán presente a diferente situación de homes e mulleres con discapacidade, e incluirán medidas para as persoas con maiores dificultades de inserción laboral, así como memoria económica para a súa implementación.
   c) O devandito plan deberá ser sometido a revisión, polo menos, cada tres anos.
   d) Os datos trala súa avaliación serán publicados na páxina web da consellería competente en materia de emprego.
   e) Na elaboración do plan participará a Xunta de Galicia, a través das Consellerías competentes, as entidades representantes de persoas con discapacidade, a Fegamp, e as

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25952
Data envío: 09/02/2018 14:03:03.596

organizacións empresariais e sindicais máis representativas de Galicia.

8. Establecer axudas económicas específicas que poderán consistir en subvencións ou préstamos para contratación, adaptación de postos de traballo, eliminación de todo tipo de barreiras que dificulten o acceso, mobilidade, comunicación ou comprensión nos centros de produción, fomento do traballo autónomo, cooperativo e de economía social, e cantas outras se consideren adecuadas para promover a inserción.

9. Garantir no acceso, a promoción interna e a provisión de postos de traballo da administración pública galega, o principio de igualdade de oportunidades e de trato das persoas con discapacidade intelectual.

   a) Garantir a convocatoria de prazas nas ofertas de emprego público da Xunta de Galicia, así como nos procesos selectivos das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, de prazas reservadas exclusivamente para persoas con discapacidade intelectual.
   b) A tales efectos, regularanse as medidas de acción positiva que sexan necesarias, entre as que se incluirán a exención dalgunhas das probas e a aplicación do sistema de concurso como sistema de acceso a persoal laboral, consistente na valoración dos méritos, atendendo ás características da discapacidade.
   c) Crearase unha bolsa de traballo temporal para as persoas con discapacidade intelectual, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.
   d) A Xunta de Galicia e as súas entidades instrumentais adoptarán as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos, medios e de accesibilidade no proceso selectivo, e establecerán o tipo de sistema selectivo máis adecuado en atención á natureza dos diferentes tipos de discapacidade, garantindo desta forma o principio de igualdade de oportunidades e de trato das persoas con discapacidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25952
Data envío: 09/02/2018 14:03:03.596

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

e) Unha vez superado o devandito proceso, adoptarán as medidas precisas para realizar as adaptacións no posto de traballo segundo as necesidades das persoas con discapacidade, xa sexan de carácter estrutural, en canto afecten as instalacións, dependencias ou equipamentos, como de carácter organizativo, en canto afecten as pautas de traballo ou asignación de funcións. Entre as medidas necesarias terase especial incidencia na accesibilidade cognitiva e poderanse incluír, entre outras, textos de lectura fácil e a exención dalgunhas das probas ou o establecemento do sistema de acceso a persoal laboral mediante concurso, a fin de posibilitar o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual.

f) Estableceranse programas de especialización e actualización de carácter xeral e de aplicación especial para as diferentes discapacidades, dirixidos ás persoas empregadas públicas con discapacidade, de acordo coas súas competencias profesionais.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/02/2018 14:02:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/02/2018 14:02:23

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0026421) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 12:33
Nº Rexistro: 26421
Data envio: 19/02/2018 12:33:37.002

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro**,** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas de adición** á **Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, núm. 25952 (10/MOC- 000072),** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 20 e 21 de febreiro de 2018.

Emenda nº 1, de adición:

Débese engadir no punto 5 un novo apartado co seguinte texto:

"5. c) A través do Consello Galego de Relacións Laborais, demandar dos CEE de Galiza que procedan a eliminar a diferenza salarial existente entre o Convenio Colectivo galego de Centros Especiais de Emprego e os convenios vixentes a nivel sectorial."

Emenda nº 2, de adición:

Débese engadir no punto 6 un novo apartado co seguinte texto:

"6.b) Fomentar a inclusión nos Plans de Igualdade das empresas de protocolos de prevención da discriminación e acoso ás mulleres traballadoras con discapacidade."

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 12:33
Nº Rexistro: 26421
Data envio: 19/02/2018 12:33:37.002

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Emenda nº 3, de adición:

Débese engadir no punto 7.a) un novo parágrafo co seguinte texto:

"7.a) bis.- Impulsar programas específicos de transición do emprego protexido ao Réxime ordinario."

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/02/2018 12:32:06

Luis Villares Naveira na data 19/02/2018 12:32:16

PARLAMENTO
DE GALICIA

5. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

5.1 10/PNP-000633 (0007071)

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao
Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0007071) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 10:44
Nº Rexistro: 7071
Data envio: 27/03/2017 10:44:48.607

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao, Carmen Santos Queiruga** e **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno, relacionada coa prestación de Asistente Persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vida independente é a filosofía que propugna para as persoas con diversidade funcional o dereito a exercer o maior control posíbel sobre as súas vidas, permitíndolles a integración na comunidade, do mesmo xeito que calquera persoa, para o cal os Estados han de proporcionar distintos xeitos de apoio e asistencia que o fagan posíbel.

A lexislación internacional recoñeceu o dereito á vida independente como dereito humano na Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade no artigo 19, en 2006, ratificada polo Estado Español en 2007, e de obrigado cumprimento dende maio de 2008. O propósito da Convención é garantir a dignidade de todas as persoas con discapacidade e a súa participación e integración na sociedade, para o cal os Estados están obrigados a adoptar as medidas necesarias.

Ademais, no Informe da Relatora Especial da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade publicado recentemente, sinálase que "os Estados deben deseñar arranxos e servizos de apoio que dean ás persoas con discapacidade a posibilidade de elixir e exercer o control de forma directa", indicando que "a miúdo, os servizos existentes incumpren esta norma".

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 10:44
Nº Rexistro: 7071
Data envío: 27/03/2017 10:44:48.607

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Entre os medios que posibilitan a vida independente das persoas con diversidade funcional está a asistencia persoal, que consiste na contratación dunha ou máis persoas, en función das necesidades individuais, quen como asistente persoal, na súa xornada laboral, facilita á persoa usuaria o desenvolvemento das tarefas da vida cotiá que lle permitan desenvolverse autonomamente a todos os niveis, tanto na vida persoal como na laboral, cívica ou política, garantindo así o principio de igualdade de oportunidades.

O recoñecemento da asistencia persoal como un mecanismo de apoio para poder garantir a autonomía das persoas con diversidade funcional foi asumido polo Estado Español na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia (artigo 19).

O 14 de febreiro de 2007, o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha PNL que instaba a poñer en marcha o servizo de asistencia persoal e tecnolóxica en Galicia, como apoio imprescindible para as actividades da vida diaria das persoas con diversidade funcional que queren autoxestionar as súas vidas.

Na actualidade, no noso País, a asistencia persoal non corresponde co modelo validado polas comunidades locais nin internacionais orixinadoras desta figura, e prescríbese como unha axuda a domicilio estendida fóra do fogar, cun horario de cobertura que resulta insuficiente para garantir unha vida independente ás persoas beneficiarias. Ademais, como usuarias, as persoas con diversidade funcional teñen que xestionar o servizo a través de entidades sociais como intermediarias, o que non garante a autoorganización, e mediante unha figura laboral non acorde coas funcións desta profesión en lugar de permitir a configuración mais axeitada aos intereses de persoas usuarias e empregadas.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 10:44
Nº Rexistro: 7071
Data envio: 27/03/2017 10:44:48.607

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deste xeito, unha medida empoderadora e vangardista, dez anos despois ten un desenvolvemento parcial e testemuñal.

A Xunta aposta, na atención á diversidade funcional, polo modelo asistencialista fronte á autoorganización das persoas con diversidade funcional, seguindo a dinámica histórica de reclusión e cousificación destas persoas. Así, a realidade é que a maioría de persoas con diversidade funcional –mesmo tendo concedida esta prestación nos actuais termos- non poden acceder a unha vida independente en comunidade.

Unha sociedade socialmente xusta debe garantir ás persoas con diversidade funcional o dereito ao control da propia vida e ao desenvolvemento desta do xeito máis autónomo posíbel, implementando políticas centradas na persoa usuaria.

Priorizar a asistencia persoal sobre a institucionalización forzada ou inducida en centros ou o coidado no entorno familiar significa dignidade e autonomía para as persoas con diversidade funcional, así como postos de traballo dignos -que xeran maior retorno económico que a construción e mantemento de prazas en centros– e menos carga de coidados para as mulleres, que son quen fundamentalmente asumen as carencias do Estado social.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Garantir por parte da Xunta de Galicia a prestación de Asistencia Persoal a persoas con diversidade funcional para todas as actividades que necesiten, estendendo o horario de atención ás particularidades da persoa usuaria e sen limitación.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 10:44
Nº Rexistro: 7071
Data envío: 27/03/2017 10:44:48.607

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2. Garantir por parte da Xunta de Galicia a prestación de Asistencia Persoal para a Vida Independente en condicións administrativas apropiadas para a un modelo de autoxestión polas persoas con diversidade funcional usuarias da mesma.

3. Instar ao Goberno do Estado a:

a) Reverter nos Presupostos Xerais do Estado para 2017 os recortes producidos polos R.D. de 2012.

b) Impulsar un acordo entre a Administración Xeral do Estado e as C.A. para rematar coa desatención (Limbo da Dependencia) nos dous vindeiros anos.

c) Iniciar negociacións no Consello de Política Fiscal e Financeira para aprobar un modelo estable de financiamento do Sistema no marco da LOFCA.

d) Non acometer modificacións da Lei 39/2016 sen a súa tramitación e debate parlamentar e cun consenso similar, ao menos, ao que se acadou coa aprobación desta lei.

e) Manter un Sistema de Información da Dependencia transparente e actualizado.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira,

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 10:44
Nº Rexistro: 7071
Data envio: 27/03/2017 10:44:48.607

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/03/2017 10:41:18

Carmen Santos Queiruga na data 27/03/2017 10:41:28

Luis Villares Naveira na data 27/03/2017 10:41:35

PARLAMENTO DE GALICIA

(0026521) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 26521
Data envio: 19/02/2018 18:06:37.024

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **7071 [10/PNP-000633]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 20 de febreiro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír no punto 3 apartado a) "2017" por "2018".

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español para demandarlle o pago dos máis de 150 millóns de euros correspondentes aos recortes acumulados con Galiza, derivado da aplicación do

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 26521
Data envio: 19/02/2018 18:06:37.024

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

RD-L 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade."

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2018 18:06:05

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2018 18:06:09

PARLAMENTO DE GALICIA

(0026524) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 18:21
Nº Rexistro: 26524
Data envio: 19/02/2018 18:21:26.555

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10**/ **PNP-000633 (7071),** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa prestación de asistencia persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con **diversidade funcional.**

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Incrementar as contías económicas da prestación de asistencia persoal.
2. Que no seo do grupo de traballo creado no IMSERSO en relación á prestación de asistencia persoal siga traballando para mellorar dita prestación".

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/02/2018 18:20:21

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 19/02/2018 18:20:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

5.4 10/PNP-001472 (0019842)

Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga
Grupo Parlamentario de En Marea - Juan José Merlo Lorenzo

Sobre a introdución na etiquetaxe do selo “"pescadeRías ¿de onde se non?" do prezo pagado por quilo ao mariñeiro ou mariscadora, así como dun código QR que leve directamente ao apartado de trazabilidade do produto na páxina web www.deondesenon.xunta.gal

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0019842) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 13:20
Nº Rexistro: 19842
Data envio: 07/11/2017 13:20:56.557

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate seu debate en Pleno,** referido á introdución do prezo pagado ao mariñeiro ou mariscadora no selo de *pesca de rías ¿de onde se non?*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os produtos das rías galegas son recoñecidos a nivel nacional e internacional pola súa calidade. Son un dos emblemas que mellor representan a Galicia, polo que defendelos e potencialos debe ser unha das prioridades das administración públicas. Ademais, debemos recordar que do sector do mar viven máis de 20.000 familias, representado polo tanto un motor fundamental para a economía galega, non so pola cantidade de postos de traballo directo que xera, senón tamén polos milleiros que crea de forma indirecta.

A Xunta de Galicia desenvolveu no ano 2008 a marca *pesca de rías ¿de onde se non?* un selo para defender os produtos que proveñe da pesca artesanal galega, un selo que permite ao consumidor recoñecer con maior claridade os produtos autóctonos, de forma que se poidan diferenciar da competencia para potenciar o valor engadido que presentan os nosos peixes e marisco. Produtos frescos e de calidade que permitan aumentar a confianza do consumidor é a nosa marca de identidade

Poden ser usuarios da marca operadores da cadea de produción e comercialización de produtos da pesca e marisqueo, sempre que as instalacións se atopen dentro de Galicia e cumpran os requisitos do regulamento da cámara,

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 13:20
Nº Rexistro: 19842
Data envio: 07/11/2017 13:20:56.557

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

recollidos na *Orde do 7 de febreiro de 2008 pola que se crea e regula o uso da marca "pescaderías, ¿de onde se non?* A trazabilidade do produto é unha das grandes vantaxes competitivas, onde pode ser visto polo consumidor a través da páxina web do selo.

A etiquetaxe mostra ao consumidor a zona de captura, a lonxa de orixe, a denominación comercial ou o método de produción entre outros. Sen embargo, falta unha información que sería moi valiosa para o consumidor, o prezo pagado ao mariñeiro ou mariscadora por ese produto que vai a consumir. De esta forma, o consumidor coñecería tamén cal é a cantidade que percibe unha de esas milleiros de persoas que traballan do mar en Galicia.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Poñer na etiquetaxe no selo de *pesca de rías ¿de onde se non?* o prezo pagado por kg ao mariñeiro ou mariscadora.
- Instalar un código QR no selo de *pesca de rías ¿de onde se non?* que leve directamente ao apartado da trazabilidade do produto na web www.deondesenon.xunta.gal

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira S. e deputado do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 13:20
Nº Rexistro: 19842
Data envio: 07/11/2017 13:20:56.557

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 07/11/2017 12:49:28

Juan José Merlo Lorenzo na data 07/11/2017 12:49:35

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0026513) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 17:31
Nº Rexistro: 26513
Data envío: 19/02/2018 17:31:03.500

PSG PSOE

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

